



## ÓS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

**CIG-Correos anuncia unha manifestación en caravana de coches pola cidade da Coruña para o sábado día 11 de xuño, con saída ás 11:30 horas da explanada da parte posterior do Edificio Sindical da Avda. Alfonso Molina, percorrendo as rúas e rematando diante do edificio principal de Correos na Avda. da Marina. Alí realizarase unha concentración (ás 12:30 horas) denunciando irregularidades na contratación de Correos e demandando unha contratación que se rexa pola ética, a xustiza e a transparencia.**

### **Nota de Prensa:**

#### **1. Datos das bolsas e do volume de contratación de Correos na provincia:**

- a. Temos na provincia 44 Oficinas con 135 bolsas de substitución nas que están incluídos 389 servizos rurais con un total de 1.831 contratados/as anotados, algúns deles poden figurar anotados en dúas bolsas, pero aínda así con toda seguridade estamos a falar de máis de 1.200 traballadores/as.
- b. Dende que comezaron a facerse os chamamentos logo de que se convocaran estas bolsas actuais (maio de 2012): fixéronse 12.121 Contratos, mais de 3.000 por ano, mais de 250 por mes de media. No que vai de ano, nos 5 primeiros meses, chegamos ós 1.363 contratos, moi cerca dos 275 contratos por mes, incrementando a media dos anos anteriores nun 10%.
- c. Baixo o noso punto de vista isto é así sobre todo por dous factores: Por un lado porque a taxa de reposición de efectivos estivo conxelada nos últimos anos, daquela os postos de cobertura necesaria teñen que ser cubertos por contratación e logo pola precariedade dos actuais contratos, pois antes facíanse practicamente todos os contratos a xornada completa e agora moitos deles son a xornada parcial e aínda que non se cubre a mesma cantidade de horas sempre aumentan os contratos (2 xornadas completas = 15 horas, 3 xornadas de 4 horas : 12 horas. Correos afórrase 3 horas por xornada aínda que consta un contrato máis)

#### **2. Situación actual da contratación en Correos.**

- a. Para poder apreciar a problemática imos poñernos nun caso práctico: Precísase dun contratado para unha oficina de atención cliente da cidade da Coruña en calquera das súas sete sucursais ou mesmo na oficina principal.

O proceso é acudir á bolsa de Atención Cliente da Coruña e chamar o candidato que lle corresponda. (Por orde de maior a menor de forma rotativa ata esgotar as bolsas e volver a empezar, sempre respectando a orde por onde vaia a bolsa)

En principio parece sinxelo, pero non o é tanto porque Correos deulle unha interpretación desaxustada as normas. (Cambiou o “de forma rotativa” por “rotacións”, cando unha cousa nada ten que ver coa outra.

Por este motivo os contratados que se atopan nas bolsas non saben cando lles corresponde traballar nin se os saltan e chaman a outros para os seus contratos.

Isto nin lles permite organizar a súa vida porque teñen que estar de seguido pendentes da chamada de Correos, nin tampouco poden facer a comprobación para saber se ós que chaman son ós que verdadeiramente lles correspondía.

Esta dificultade esta superada noutros organismos como no Sergas ou na Xunta onde os contratados das bolsas saben en todo momento por onde van os chamamentos e cando lles corresponden e incluso poden pedir un mes de suspensión ó ano para poder gozar de vacacións coa familia.

- b. A día de hoxe as bolsas de contratación son insuficientes para cubrir as necesidades de substitucións que precisa Correos en moitas das localidades polo que en moitas ocasións o proceso non é posible seguilo conforme relatamos na situación anterior.

Daquela se non hai persoal dispoñible nas bolsas correspondentes, neste exemplo, na bolsa de Atención Cliente da Coruña, segundo a normativa Correos ten que acudir ás bolsas colindantes da mesma categoría, é dicir, as bolsas de Atención Cliente de Oleiros, de Culleredo e de Arteixo.

Pero como non se estableceron os criterios de preferencia para estes chamamentos, Correos chama a aqueles que lle parece que van aceptar o contrato (ou sexa, de maneira subxectiva, discriminando a moita xente que se atopa nesas bolsas en mellor posición que o contratado)

- c. O terceiro caso que se pode dar e que tampouco nas bolsas colindantes haxa persoal dispoñible, daquela a norma dálle liberdade a Correos para que poida facer o chamamento a través do Servizo Galego de Colocación ou ben buscar a persoa “idónea”, isto ben a ser darlle legalidade “ó dedo”, esta última opción é a que Correos adopta.

### **3. Normativa de Contratación**

- a. A normativa pola que se rexe a contratación de Correos esta recollida en dous documentos por un lado no Convenio Colectivo de Correos e por outro na Convocatoria das Bolsas de Emprego, ámbalas dúas normas do ano 2012, que se calcan unha na outra.
- b. En canto a forma de chamamento veñen a dicir que se debe chamar por orde de puntuación de maior a menor ós candidatos das bolsas de forma rotativa ata que se esgote a bolsa para logo volver a empezar polo principio. Esta norma foi mal interpretada de maneira unilateral por Correos, metendo nos criterios unhas rotacións nos chamamentos, que nada teñen que ver co sistema rotativo recollido nas normas antes ditas e que ninguén pode controlar, o cal non lle permite o persoal que esta nas bolsas saber por que numero van os chamamentos e a quen

lle corresponde o seguinte, e moito menos saber se o chamamento foi feito conforme á legalidade ou saltando a mesma para poder denunciálo.

- c. Dende mediados do mes de maio Correos esta aplicando amparado por unha sentenza do Tribunal Supremo e mais por un criterio técnico da Inspección de Traballo unha tipoloxía de contrato diferente para os contratos de vacacións. Ata o de agora eses contratos facíanos por interinidade en substitución do traballador ou traballadora que collía as vacacións, pero dende esa data os contratos de vacacións e por permisos retribuídos pasaron a ser de eventualidade por circunstancias da produción, porque non substitúen a ningún traballador que este nunha situación de reserva de posto.
- d. A normativa prevé que cando unha bolsa é insuficiente se poida facer unha convocatoria para cubrir os postos que se entendan necesarios.

#### **4. Conclusións**

- a. Así as cousas os contratados que se atopan nas bolsas de Correos, están totalmente indefensos porque son descoñecedores da normativa que lles aplican á hora de facer os chamamentos e mais do procedemento da contratación.
- b. No relativo ó cambio dos contratos de vacación, isto vai supoñer, que si ata o de agora os contratados/as tiñan a posibilidade de facer 6 meses de contratos de eventualidade nos últimos 12 meses e unha vez esgotado este período, podían a maiores facer os contratos dos períodos de vacacións, pois de agora en diante isto non vai ser posible porque excederían o tempo permitido para eses contratos.

Con este feito, este verán a maior parte das bolsas van a estar esgotadas porque os seus bolseiros van a estar cos 6 meses cumpridos nos últimos 12 e sen posibilidade de facer os contratos das vacacións.

Esta situación de esgotamento de bolsas ten dúas consecuencias diferentes:

Por un lado o proceso dun chamamento obxectivo e transparente por mérito e capacidade vese totalmente fora de lugar pois os criterios, chegados a esta situación, non se encontran regulados pola normativa aplicable. Estamos a falar de favoritismos e chamamentos de persoas que non son coñecedoras de cómo funciona Correos nin os servizos que teñen que prestar.

Isto último lévanos á seguinte consecuencia: A perda da calidade na prestación do servizo ó cidadán pois o persoal que Correos se ve obrigado a contratar non esta capacitado nin ten a experiencia necesaria para poder poñerse a desempeñar as funcións deses postos de traballo de maneira inmediata sen a posibilidade de pasar por unha formación previa que os prepare.

#### **5. Actuacións, Reivindicacións e Mobilizacións**

- a. Por parte deste sindicato CIG xa se fixeron multitude de denuncias diante da Inspección de Traballo, algunhas referidas a falta da información necesaria para poder controlar o proceso dos chamamentos, (copias básicas, peches de contratos, previsión contratación... ) outras por irregularidades propiamente ditas (contratos de eventualidade na vez de interinidade, realización de mais prorrogas das permitidas pola lexislación, utilizar tipos de contratos que non se axustaban ó motivo da contratación...) e tamén acudimos representando a contratados afiliados diante da xustiza para denunciar saltos na contratación ou contratación

irregular tendo nestes tribunais de xustiza sorte dispar. Agora estamos pendentes que algún xuíz saiba diferenciar sistema rotativo de rotación, cousas de palabras.

- b. Que é o que se demanda de Correos, basicamente dúas cousas:
  - 1. Que Correos remate con este sistema de contratación, que non beneficia a ninguén e que prexudica enormemente ó persoal contratado e mesmo á prestación do servizo, que foi aprobado no actual Convenio en vigor asinado por CCOO, UGT, CSIF e Sindicato Libre.
  - 2. Que sen agardar a un novo Convenio (porque iso podería non chegar nunca) se refaga o sistema de contratación e que se rexa polos principios da ética, da xustiza e da transparencia.
- c. **A primeira mobilización que temos prevista dende a CIG-Correos é unha caravana reivindicativa de vehículos en apoio do persoal contratado que vai percorrer as rúas da cidade da Coruña este sábado día 11 de xuño, con saída ás 11:30 horas da explanada posterior ó edificio sindical da Avda. de Alfonso Molina, pasando por Salvador de Madariaga, Perez Arda, Ronda de Outeiro, Manuel Murguía, Ronda de Nelle, Catro Camiños, Linares Rivas, Cantóns, Avda da Marina e rematando con varias voltas ó edificio de Correos da Avda da Marina, e unha posterior concentración diante do mesmo ás 12:30 horas para rematar o acto.**

Agardando a vosa comparecencia para cubrir esta mobilización e agradecendo por anticipado que se recolla esta nota nos vosos medios, saúda atentamente:

Na Coruña a 10 de xuño de 2016.

Asinado: Miguel Ramudo Pérez

Secretario Sección Sindical CIG-Correos A Coruña

Telefonos: 981225129 – 636405682.